# O FARELO

nº 33

Outubro ´09
Segunda Etapa

Revista de Humor que Rabea por Peneirar

# G-20 á procura do cash-flow



martirena


É unha redada antinarcóticos?
Si, pero xa marchan. Só atoparon pobreza e, polo que se ve, non están interesados en combatela.


Antes, un feito violento ocupaba el só a portada
Era outra época, agora ás veces non chega un xornal para falar de todos os do día...
5 mortos nun violento axuste de contas


...Mira, un programa sobre a crise económica...
...despois, porán un documental interesante sobre a crise alimentaria...
...e para pechar a programación, outro sobre a crise enerxética.
Non tardes en vir á cama para falar da nosa crise matrimonial!


...NON PODES RECLAMAR POLA TÚA MISERABLE PARA, NON TES DOCUMENTOS...
NIN VOSTEDE ESCRÚPULOS!


Condenamos a emigración ilegal?
Si, con pagas aínda máis denigrantes á nosa man de obra indocumentada...




ramón_couñago




josé_sarmento











Maciej Trzepalka, Polonia



Musa Gumus, Turquía.



Jan Tomaschoff, Alemania.



Evzén Davic, República Checa.



Yuri Kosobukin, Ucraína



Ivailo Tsvetkov, Bulgaria.

# Oitava bienal de Písek

por Francisco Puñal Suárez

É a caricatura, quizais, a forma máis antiga da representación da realidade?

Canto influíron o teatro e o humorismo no desenvolvemento global da arte?

A *Oitava Bienal Internacional da Caricatura,* celebrada na cidade checa de Písek, bríndanos unha oportunidade única para gozar da imaxinación dos debuxantes, ao vincular ambas as ramas da arte.

A bela cidade de Písek foi fundada á beira do río Otava, polos reis de Bohemia, no século XIII. Actualmente Písek é unha localidade moderna, cun legado histórico e arquitectónico de gran interese.

Organizada pola Unión de Caricaturistas Checos e o concello de Písek, o tema a tratar nesta bienal era o teatro, e os debuxantes ratificáronnos coas súas obras, como a verdadeira caricatura e o humor nacen da intelixencia, da elegancia, da sensibilidade e o xenio.

O certame recibiu 606 caricaturas de 181 debuxantes, de 51 países.

O xurado seleccionou 40 caricaturas finalistas e deu 10 premios. A forma de decidir as obras gañadoras é moi singular neste evento: cada xurado dispón dunha cantidade de area que depositará nunha caixa que se atopa diante de cada debuxo. Desta maneira, ao final pésase a area de cada caixa e triunfa quen máis teña.

Aínda que a decisión do xurado ao outorgar o principal premio, pode ser polémica, este correspondeulle a: Maciej Trzepalka , de Polonia.

O premio da cidade de Pisek foi para Jan Tomaschoff, de Alemaña.

O galardón Miroslav Lidák gañouno o turco Musa Gumus, e repartíronse outros sete premios especiais que, no medio dun mundo en crise, reafirman que o humor é unha xanela á esperanza.

# Maxia e humor

por Francisco Puñal Suárez

A maxia e o humor, ao valerse do elemento sorpresa, captan a atención e espertan a admiración dos espectadores.

Os magos, aínda que na realización dos seus trucos empreguen ilusións ópticas e trampas nas presentacións dos seus espectáculos, sempre espertan a curiosidade e déixannos preguntándonos como foi posible facer tal acto de maxia.

En Beijing, China, a Segunda Edición da *Red Man International Cartoon Humour* tivo a brillante idea de unir a maxia e o humor na convocatoria deste certame.

A competencia recibiu 722 debuxos de 170 caricaturistas de 51 países, e o xurado internacional tivo un traballo intenso, ante a calidade das obras presentadas.

O primeiro premio correspondeu a Ángel Boligán, de México; o segundo foi para Darko Drljevic, de Montenegro; e o terceiro, para Costel Patrascan, Rumania.

Os autores abordaron con creatividade e imaxinación este tema, e nas súas caricaturas saíron a relucir aspectos da vida cotiá, como a crise económica mundial.

Unha vez máis, o humor e os caricaturistas demostran cos seus puntos de vistas que non hai tema algún que non sexan capaces de abordar.

Ingredientes como a maxia e o humor fannos mellor a vida.



Ángel Boligán, México.



Darko Drtjevic, Montenegro.

Costel Patrascan, Rumanía.





Jerzy Gluszek, Polonia.



Doru Axenti, Rumanía.

Kazanevski Vladimir, Ucraína



Yory Kosobukin, Ucraína



# volta_ao_cole









david_vela

francisco_puñal



A Coruña ben vale unha cervexa...



Intercambio de experiencias

e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...

O FARELO ofréceche un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com

tomy












josé_sarmento



ares







## Valo dos laios

guisa e napo







**O Farelo** - Suplemento de humor de A Peneira - (Sarmiento Rivera, 17-36.860-Ponteareas-Galicia) 986.660.986-**farelo@apeneira.com**
**Coordinación** Guillermo Rodríguez - **Maquetación** Manrique Fernández